


BULEVAR PAPAGAYO





A Feroz S. Coop. Gal.

Papagaio, 2024

Cando a fotógrafa Maribel Longueira escoitou os primeiros sons da piqueta tívoo claro: o Papagaio víñase abaixo.

Ou, mellor dito: tiraban abaixo o Papagaio e con el un fragmento da cidade que moitas coruñesas non querían mirar.

O barrio popular, o barrio obreiro, o barrio das putas e outras traballadoras explotadas debía facerlle sitio a unha mole de cemento e pretensións.

A cidade da xente de ben devoraba o que non lle valía.

Esta afinadísima intuición de Maribel levouna a documentar, cámara en man, o declinar dun tempo e unha xeografía propias, domésticas, gloriosamente prosaicas.

E coas imaxes recollidas convidou varias poetas a poñer a palabra necesaria.

A idea primeira era que aquel fose un traballo coral, colectivo.

Mais Luísa Villalta, unha desas convidadas, chegoulle pola porta cun rosario de poemas, unha xema por cada imaxe.

Por que o Papagaio?

Bulevar Papagaio é unha proposta escénica que parte do libro *Papagaio*, con fotografías de Maribel Longueira e poemas de Luísa Villalta.

A Feroz escolle esta obra non só pola súa transcendencia no eido da poesía galega, senón tamén polo simbolismo que contén unha obra construída por dúas mulleres obreiras, críticas e comprometidas a partir do cascallos do “barrio das putas” nunha cidade tan conservadora como a da Coruña.

Hai lugares que ninguén quere mirar, dos que todo o mundo fai que non ten noticia. Ignorar a fealdade, a explotación ou a violencia non é unha actitude exclusiva das cidades, tamén se dá na literatura, na arte, na política, nas casas de cada unha de nós. Contra iso nace *Bulevar Papagaio*.

Traemos o espello limpísimo.

As feroces consideramos que as fotografías do *Papagaio* deberían presidir a cabeceira de todas nós.

Habería que berrar os seus versos polas rúas, escribilos nas paredes, terían que estar nas bocas das amantes e das mulleres desesperadas que moran en tantos Papagaios estigmatizados e ameazados de demolición.

O Bulevar

Bulevar Papagaio recolle o momento no que Villalta e Longueira atendem ás historias que estaban a piques de quedar ocultas co soterramento dunha parte da Coruña, fundamental para entender esa cidade (e calquera outra).

Trátase dunha proposta complexa que se afianza non só no estudo e a reflexión arredor destes temas, senón tamén en conversas con persoas moi achegadas ás dúas autoras do *Papagaio*, con expertas na literatura de Luísa Villalta ou con especialistas na historia da cidade da Coruña, etc.

A memoria delas

Mais *Bulevar Papagaio* non só fala de Villalta e Longueira armando a catro mans o monumental *Papagaio*. Fala das mulleres que aló aturaban carros e carretas para gañar un peso. Fala das alumnas do instituto que pasaban por diante do barrio sen se atrever a entrar e fala, por enriba de todo, de especulación. De comercio dos corpos e comercio do chan urbanizable.

Fala de patriarcado nas súas tres vetas principais: os cartos, o poder e o sexo. Non parece casualidade que as tres placas que nomeaban o barrio acabasen en mans de tres homes, o máis coñecido dos cales é Camilo José Cela (ao que o propio alcalde da Coruña lla entregou nunha cea-homenaxe en 1979 en recordo dos seus anos mozos no Papagaio e cuxa foto vergonzosa é accesible e retrata o patriarcado mellor do que calquera ensaio sobre o tema o poida facer).

Canto hai de verdade no arrandeo da puta
fai saltar a campá imprevisíbel dun incendio
sobre a corda frouxa da beira-rúa
que comezou a arder na inconsumíbel idade
da primeira civilización, a do instinto negociado.
Por iso as cadeiras chaman a especular ca verdade,
a comerciar con calquer ponto de emoción ou temor,
que tamén son verdade,
non menos verdade que a man visíbel na gravata do executivo
(a outra na verga di portafolios)
antes de asinar un contrato ladrón de débedas aos obreiros,
nen menos que a mentira da norma urbanística,
materia recalificada dos solares comunais.

A pesar de que as botas de nylon son demasiado baratas,
sei dalgunha señorita que paga cursos para aprender a levalos
baixo o sorriso do pai sobriño,
parella de baile no traspaso
“de home a home”
cerimonia abaixo onde as arras gratuítas
escorregan o investimento xenético
na evolución das especies.
O arrandeo da puta é o reloxo da vaidade
que soa sen previo aviso
en cada esquina da ambición colectiva,
ese sucedáneo da vida.

Luisa Villalta











FICHA TÉCNICA

ELENCO:

BEA ROMERO, INÉS SALVADO,
LORENA CONDE, GUSTAVO FREIRE

DIRECCIÓN:

A FERROZ

TEXTO:

LORENA CONDE

MÚSICA E ESPAZO SONORO:

MANUEL ABRALDES

DESEÑO, VESTIARIO E ESCENOGRAFÍA:

A FERROZ

ASESORÍA HISTÓRICA:


MARÍA ELVIRA LEZCANO GONZÁLEZ (MAVI)

PRODUCCIÓN:

A FERROZ

DISTRIBUCIÓN E CONTRATACIÓN:

AMARELO



Lilian Portela
+ 34 610 106 808 / lilian@amarelo.es



www.aferoz.gal
aferozferoz@gmail.com